

RETEGAL é a empresa pública da Xunta de Galicia encargada da prestación de servizos de telecomunicación no ámbito da Comunidade Autónoma.

Para dar maior garantía na prestación do servizo e así mellorar a satisfacción dos nosos clientes, decídese implantar un Sistema de Xestión Integrado de Calidade, Medio Ambiente e Seguridade e Saúde no Traballo en base aos requisitos das normas ISO 9001:2015, ISO 14001:2015 e OHSAS 18001:2007.

RETEGAL comprométese a cumprir e facer cumprir os seguintes principios:

- Crear unha cultura de xestión integrada fundamentada na calidade do servizo, a protección ambiental, a prevención dos danos e a prevención do deterioro da saúde dos nosos traballadores.
- Cumprir cos requisitos legais, contractuais ou doutra índole, que nos sexan aplicables en razón da nosa actividade na prestación dos nosos servizos.
- Levar a cabo o noso traballo dentro dunha contorna de xestión que garanta unha mellora continua nos nosos procesos e nos nosos métodos de actuación, mediante o establecemento e revisión periódica dos nosos obxectivos.
- Promover unha comprensión e difusión da nosa política dentro da nosa organización, mediante a formación e comunicación continuada cos nosos traballadores.
- Dispoñer dos recursos (técnicos, materiais e humanos) que sexan necesarios para o adecuado desenvolvemento do noso sistema.
- Minimizar o impacto de recursos naturais, xestionar eficientemente os residuos e prever a contaminación ambiental da nosa actividade mediante o control dos nosos aspectos ambientais significativos.

A política conta co total compromiso e apoio da Xerencia, quen a establece para a consecución dos seguintes **obxectivos**:

- Controlar e mellorar o funcionamento da organización.
- Proporcionar unha rede de infraestruturas total, segura e eficiente.
- Buscar os beneficios reais para todos os cidadáns de Galicia.
- Cooperar cos seus grupos de interese.
- Ser unha empresa transparente ante a sociedade.
- Establecer un sistema de xestión contrastable e medible.
- Cumprir cos SLAs acordados cos clientes.
- Atender continuamente a todos os grupos de interese cos que interactuamos, controlando os riscos asociados aos mesmos.

A Xerencia entende que a implantación do Sistema de Xestión Integrado é responsabilidade de toda a organización e, por iso, solicita a todo o persoal que se familiarice coa documentación do sistema e aplíquea no seu traballo diario. Así mesmo, encomenda a responsabilidade de supervisar a eficacia e implantación do sistema, e garantir que se implante e aplique en todo momento, ao Responsable do Sistema de Xestión Integrado.

Esta política comunícase a todo o persoal para o seu coñecemento, comprensión e cumprimento. Ademais, revísase, analiza e actualiza para a súa continua adecuación.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018
Xerente